

## “Crisálide”: unha proposta de intervención educativa respecto de alumnado desfavorecido



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 66-69

Tania Gayoso Felpeto

Facultade de Formación do Profesorado (Lugo)

gayosofelpeto.tania@gmail.com

Con ánimo de evidenciar os problemas sociais que abafan a parte da nosa infancia (exclusión social, malos tratos, negligencia familiar e abusos) e concienciar sobre a relevancia da educación como motor de cambio social e persoal, hai dous anos presentamos verbo desta temática o Traballo de Fin de Grao –do que parte esta proposta– para concluír os estudos de mestra de Educación Infantil na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.

Así nace Crisálide, un proxecto dirixido a sensibilizar e apoderar conxuntamente a familias e docentes sobre o importante papel que cumpre a educación para combater estas dificultades. O nome parte do concepto de resiliencia que emana da famosa frase de Frida Khalo: “a arte máis poderosa da vida é facer da dor un talismán que cura. Unha bolboreta renace florecida en festa de cores!”.

**Obxectivos:** recoñecer o impacto dos problemas sociais da infancia da contorna; coñecer e valorar os Dereitos do Neno/a; concienciar da necesidade dun cambio educativo, poñendo énfase na coeducación, a educación social, cívica e en valores; coñecer recursos, canles e apoios sociais a prol de infancia, familia e educación.

**Contidos:** exclusión social, malos tratos, abandono, negligencia familiar, abusos sexuais, coeducación, Dereitos do Neno/a, LOMCE, panorama educativo actual, educación social, cívica, en valores e emocional, medidas de corrección de conduta, efecto Pigmalión, resiliencia, apoios, canles de colaboración etc.

**Orientación metodolóxica:** Crisálide inspírase na pedagogía de Paulo Freire, polo seu pensamento progresista, o seu compromiso coas clases desfavorecidas e a convicción de que a educación é clave para transformar o mundo; como ben indicou



o educador brasileiro, educar é facer persoas libres e humanizadas a través da praxe, implicando a acción e a reflexión de homes e mulleres sobre o mundo para transformalo (Freire, 2018).

**Actividades:** Crisálide presenta 19 accións puntuais e 2 transversais pensadas para levar a cabo de maneira autónoma ou guiada (por parte dunha persoa coñecedora da cuestión ou por parte do equipo directivo, por exemplo) en comunidades educativas concretas (sobre todo do noso contexto xeográfico e de

contornas desfavorecidas), que están especialmente dirixidas a docentes e familias (a educación é tarefa común e esforzo compartido), e que agrupamos nos seguintes 8 bloques de contido:

- Bloque 1. A "cara B" da infancia: introdución da temática.
- Bloque 2. *Os 10 dereitos*: Dereitos do Neno/a.
- Bloque 3. *Unha ollada ás escolas*: reflexión e análise do panorama educativo.

- Bloque 4. *A pegada patriarcal*: influencia do patriarcado, o machismo, o sexismo e a violencia de xénero sobre a infancia.

- Bloque 5. *A polo cambio!*: accións educativas e sociais transformadoras.

- Bloque 6. *Airiños de esperanza*: experiencias e historias de resiliencia.

- Bloque 7. *O voo da bolboreta*: colofón da proposta.

- Bloque transversal: actividades realizadas no devir da proposta.

As 21 actividades son voluntarias e adaptables, pero están relacionadas entre si; é dicir, a súa secuenciación non ten por que ser ríxida e poden traballarse independentemente, pero aconséllase a súa realización na orde que detalla a seguinte táboa (pensada baixo o principio da aprendizaxe significativa), pois avanza os contidos de forma ascendente en canto a dificultade e lóxica interna, co que se facilita a comprensión de todos eles como unidade global por parte das/dos participantes.



Bloques	Actividades	Temporalización	Recursos
1	Falemos de infancia: debate introdutorio sobre o tema (técnica Visible Thinking), punto de partida.	1 sesión setembro	Rotuladores, taboleiro.
	A outra infancia: exposición interactiva-reflexiva das problemáticas sociais a través de traballos pictóricos, apoiados en datos estatísticos.	1 sesión outubro	Proxector, taboleiro; <i>Pobreza Infantil en España</i> (Lara, 2014); <i>Disque Denuncia</i> (Orizonte Studio, 2017); #Finalmaltrato (UNICEF, 2015), <i>¿Nos la jugamos o lo cambiamos?</i> (Mora, 2011); <i>España en cifras</i> (INE, 2018), <i>El estado de la pobreza. Seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social en España</i> (Llano, 2018)...
	Os monstros da miña casa: vídeo-documental sobre acollemento familiar social; información sobre procesos de acollemento.	1 sesión outubro	Hierro, M. e Jarabo, A. (2010), <i>Los monstruos de mi casa</i> [archivo de vídeo]. Recuperado de: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=nq_i0uL-yoOQ">https://www.youtube.com/watch?v=nq_i0uL-yoOQ</a>  Programa de Acollemento familiar (2012). Programa de Acollemento residencial (2011).
2	Teño dereito a: exposición e debate sobre os Dereitos do Neno/a. Recompilación de libros infantís/xuvenís sobre esta temática.	1 sesión novembro	<i>Tengo derecho a ser</i> (Fronty, 2010), selección de literatura infantil/xuvenil, <i>Los Derechos de los Niños/as en el Sistema Educativo en España</i> (Educo, GSIA, 2016)
	10 dereitos! (Conmemoración): creación dun posto na biblioteca do CE ( <i>Un libro, un dereito</i> ) cos exemplares citados; recollida de libros para doar a ONG; contacontos; certame de debuxo/poesía sobre o tema.	20 de novembro (Día da infancia)	Selección de libros, carteis.  Recursos humanos: persoal doutros centros, de ONG, de biblioteca, contacontos...
3	Paradigma do sistema educativo: debate sobre a situación educativa actual; breve exposición de cambios significativos da LOMCE; realización dun mural creativo vídeo documental.	1 sesión decembro	(Robinson, K. [La verdad oculta], (2013). <i>Paradigma del sistema educativo</i> : <a href="https://www.youtube.com/watch?v=fAjhT18B8_0">https://www.youtube.com/watch?v=fAjhT18B8_0</a>
	Expulsar non é educar: debate sobre as medidas de corrección da conduta (técnica Visible Thinking) máis usadas. Lectura da reflexión <i>Expulsar no es educar</i> .	1 sesión decembro	Proxector; Robles, R. (19 de marzo de 2010). <i>Expulsar no es educar</i> [Mensaxe en blog]. Vida de profesor. Recuperado de: <a href="http://www.rafaelrobles.com/2010/03/expulsar-no-es-educar/">http://www.rafaelrobles.com/2010/03/expulsar-no-es-educar/</a>
	Efecto Pigmalión: visionamento e debate do vídeo <i>El efecto Pigmalión</i> , sobre o estudo de Robert Rosenthal.	1 sesión xaneiro	Proxector; Dornaletetxe, Naveiro e Moreno [Jon Dornaletetxe] (2012). <i>El efecto Pigmalión</i> . Recuperado de: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=mCRChupL9cs">https://www.youtube.com/watch?v=mCRChupL9cs</a>
	ANPA: Sesión de achegamento á ANPA (propostas, proxectos, responsabilidades...), que instarán á comunidade a participar, facer suxestións, comunicar necesidades...	1 sesión xaneiro	Proxector, taboleiro.  R. humanos: representantes da ANPA.
4	As vítimas silenciosas da violencia de xénero: debate da influencia do sistema patriarcal, a violencia de xénero, o machismo e o sexismo na infancia a través de diferentes novas de periódico.	1 sesión febreiro	"Un maltratador jamás será un buen padre" (Poncini, 2018), "Efecto José Bretón: los sanguinarios padres que matan a sus hijos para vengarse de las mujeres" (Inglés, 2018), "27 niños asesinados; seis casos denunciados" (Álvarez, 2018)...; Proxector, taboleiro.
	Coeducación nas aulas: choiva de ideas e asesoramento sobre técnicas, estratexias e recursos coeducativos.	1 sesión febreiro	I Plan de accións para a igualdade en los CE de Galicia; Proxectos de innovación; <i>Coeducación, apuesta por la libertad</i> (Subirats, 2017). Selección de literatura infantil/xuvenil.
5	Pequeñas pingas crean mareas: exposición de recursos e apoios a familias e nenos/as (liña de atención á infancia, axudas, entidades de apoio, plans e protocolos educativos, programas e plans autonómicos), exposición de canles de axuda social e recollida de xoguetes, libros e alimentos non perecedeiros en centros da contorna para ser doados.	1 sesión marzo	RISGA, Orde 5 de maio de 2010; apoios internacionais (UNICEF, AC-NUR...), nacionais (ANAR, Plataforma Infancia, Obra Social La Caixa...) autonómicos (Meniños, Paideia...); 37milsorriSOS (2017); PROA, Protocolo de acoso escolar, de absentismo, de intervención contra o maltrato infantil (2017); Convocatoria de recoñecemento Cidades Amigas da Infancia (2017); ONG de axuda social (ás que convidaremos a falarnos das súas iniciativas).
	O xermolo está na escola: exposición de técnicas, proxectos e actividades para potenciar a educación social, emocional e en valores (inspirado no traballo en escolas democráticas, Amar Berri, Reggio Emilia, Neill, Rogers); proxectos de innovación en activo, e experiencias renovadoras (historia e método de Maggie Macdonnell e Hanan Al Hroub; AEIOTU...)	1 sesión marzo	<i>Inteligencia Emocional para padres y educadores</i> (Piñeiro, 2018); <i>La familia, la primera escuela de las emociones</i> (Romera, 2017); <i>Las escuelas que cambian el mundo</i> (Bona, 2016); Fundación Carulla [aeioTU Fundación Carulla] (2016). Vídeo institucional aeioTU en 2016. Recuperado de: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=de0D6o2P20I">https://www.youtube.com/watch?v=de0D6o2P20I</a>
	SS: visita de voluntarios/as dos Servizos Sociais para falarnos do seu funcionamento, iniciativas, funcións, canles de axuda...	1 sesión abril	Proxector, taboleiro.  Recursos humanos: persoal dos SS.

6	Cine Fórum: proxección e debate da película <i>Diarios de la calle</i> .	2 sesións abril	De Vito, D. (produtor), La Gravenese, R (director) (2007). <i>Diarios de la calle</i> . [cinta cinematográfica]. EEUU e Alemaña: Paramount Pictures; proxector, taboleiro.
	Resiliencia: pescuda, exposición e debate sobre resiliencia; relato de casos (Frida Kahlo, Oprah Winfrey, J.K. Rowling, <i>Tim Rollins and K.O.S</i> , <i>Joaquim Ruyra</i> ); realización dun mural creativo sobre o tema.	1 sesión maio	Apoio fotográfico dos casos presentados, proxector.
	Saíndo da crisálide (xogo interactivo): escritura –anónima/nominal- de casos reais/persoas de resiliencia dos participantes e posterior lectura conxunta.	1 sesión maio	Pintura, caixa de suxestións, material funxible, taboleiro.
7	Voemos da crisálide: festa de cores!: xornada cultural, gastronómica e lúdica no CE: postos de comida multiculturalis, traballos manuais, a nosa revista, xoguetes libros,...; xogos tradicionais, sorteos... O recadado será doado a ONG colaboradoras.	1 sesión xuño	Materiais de refugallo, libros, xoguetes, revista, alimentos, equipamento do centro... R. humanos: persoal do centro, familias, persoal de ONG, ANPA.
	As nosas sensacións: coavaliación final definitiva mediante análise DAFO.	1 sesión xuño	Proxector, taboleiro, folios e bolígrafos.
Trans-versal	Revista Crisálide: creación conxunta dunha revista escolar (novas, columnas de opinión, documentación das actividades, entrevistas, monográficos...).	Transversal	Material funxible (folios, lapis...), cámara de vídeo e fotográfica, carteis, PC... R. humanos: familias, docentes, colaboración cunha imprenta.
	Caixa Cántame: caixa de correos colectiva para expoñer (de forma anónima/nominal) suxestións, melloras, sensacións, réplicas...	Transversal	Caixa, material funxible.

- **Temporalización:** as sesións durarán entre 90 e 120 minutos, e realizaranse en horario de tarde, unha vez cada 15 días aproximadamente, ao finalizar a xornada lectiva, naqueles días estipulados polo centro escolar correspondente como día común de presenza simultánea do profesorado. Esta secuencia será adaptable, de tal maneira que facilite a asistencia das/dos participantes e a conciliación das familias, polo que é moi conveniente que coincidan en tempo coa oferta de actividades extraescolares para os nenos/as nesa escola.

- **Avaliación:** aconsellamos realizar avaliación inicial, continua e final do proxecto, que posúa carácter global e formativo, e acompañada de autoavaliación e coavaliación entre as/os participantes (docentes e familias). Para axudar neste obxectivo suxerimos o emprego de técnicas de recollida de datos sistemáticos (listas de control, escalas de observación, análise DAFO) e non sistemáticos (diarios, notas de campo, rexistros anecdóticos).

- **Remate:** quixeramos engadir que Crisálide é froito de lecturas, de prácticas e de reflexión, así como da ilusión e a esperanza de mellorar dende as escolas o mundo no que vivimos, sobre todo para a infancia en situación de vulnerabilidade social; por iso entusiasmaríanos chegar a ter a oportunidade de levála á realidade e así sumar a nosa modesta achega ao enorme obxectivo antes enunciado: como ben dixo Rosa Luxemburgo, “debemos loitar por un mundo onde sexamos socialmente iguais, humanamente diferentes e totalmente libres”. Apostamos por iso.■

- BONA, C. (2016). *Las escuelas que cambian el mundo*. Barcelona: Plaza & Janés.  
- FREIRE, P. (2018). *Pedagogía do oprimido*. Pontevedra: Kalandraka.